

Celga



Certificado
Lingua
Galega

2

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C2-B-03

PARTE 1 (Texto oral)

A continuación, vai vostede ver dúas veces seguidas unha reportaxe sobre os best-sellers. Tome as notas que precise.

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1 minuto aprox.
▪ Como se chama? ▪ A que se dedica? ▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ▪ Canto tempo leva estudando galego? ▪ Por que o estuda? ▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ▪ Que lle gusta máis da cultura galega? ▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	
2. RESUMO	2 minutos aprox.
Faga un resumo do contido da reportaxe. ▪ Como definen un best-seller no vídeo? ▪ Segundo o escoitado, hai best-sellers en galego? ▪ Como coñece a xente os best-seller? ▪ De acordo co que acaba de ver, cales son as dúas formas de entender a literatura?	
3. RELATO	3 minutos aprox.
A. Conte con detalle algunha historia dun libro que leu ou dunha película ou serie de televisión que viu. Comente se lle gustou ou non. B. Conte con detalle algún conto, historia, lenda... que escoitou cando era pequeno/a. Comente se lle gustou ou non. C. Explique que papel ocupan no seu tempo de lecer os libros, a televisión, a radio ou outros entretementos escritos ou audiovisuais.	

4. INTERACCIÓN
4 minutos aprox.
OPCIÓN A

- Vostede prefire sentar a ler un libro ou a ver a televisión? Por que?
- *(Dependendo da resposta)*
 - Que tipo de libros prefire?
 - Que ve na televisión?
- E a prensa ou as revistas, gústanlle? De que tipo?
- Pensa que os rapaces de hoxe en día len menos ca os de antes? Por que?
- Cre que os videoxogos ou a televisión fan que os nenos lean cada vez menos?
- Coñece algunha iniciativa para fomentar a lectura entre os cativos? E entre os maiores?

OPCIÓN B

- Pensa que as mellores historias están nos libros ou na xente maior?
- A vostede contáronlle contos cando era novo/a? Quen llos contaba?
- E na escola, lía moito e escoitaba moitas historias? Garda bos recordos daquela época?
- Agora xa non hai tanta tradición de contar contos na familia, a que pensa que se debe?
- O que si está moi de moda é a figura do *contacontos*. Vostede asistiu a algún espectáculo deste tipo?
 - *(Resposta afirmativa)* Gustoulle? Como foi?
 - *(Resposta negativa)* Na súa aldea ou cidade ten lugar algún espectáculo?

OPCIÓN C

- É vostede un/unha lector/a habitual?
 - *(Resposta afirmativa)* Que tipo de lecturas prefire? Hai algún xénero que non lle guste? Por que?
 - *(Resposta negativa)* Que actividades adoita realizar no seu tempo libre?
- Cre que a lectura é só unha forma máis de entreterse ou pensa que tamén nos achega coñecemento? Por que?
- Coida que nos lugares onde hai bibliotecas os nenos len máis? E as persoas maiores?
- No lugar onde vive, realízanse actividades relacionadas coa lectura?
 - *(Resposta afirmativa)* En que consisten?
 - *(Resposta negativa)* Que actividades se levan a cabo? E nos días de festa, faise algo especial?